



Levaba un vestido dos de antes, de cor negra, con grandes mangas que semellaban inflarse sobre os ombreiros, moi cinguido á cintura e cunha saia espectacular. Tiña moito voo e remataba nun volante de encaixe granate, cando se movía deixaba ver as enaguas de tule que levaba.


O conxunto completábase cunhas medias de raias, unhas luvas de raso ata o cóbado e un sombreiro con forma de cheminea.



O flash bubble. Tiña tres rodas. O asento era un sofá de tres prazas de veludo granate cun oco onde había un parasol violeta. Enriba da roda traseira, unha pequena plataforma sostíña un barril cheo de cables e termostatos dourados. Dous enormes tubos de escape elevábanse a un lado e a outro do barril. Eran coma pequenas chemineas rematadas en puntas O guaiador tiña incorporado un timbre de bucina, había que apretar unha especia de cogombro de goma negra e o son saía por unha boca dourada que imitaba unha flor.



Nefertiti non era unha gata calquera, era moi alegre cuns ollos en forma de améndoa. No canto de patas traseiras tiña dúas rodas conectadas por poleas. As tripas do animal estaban á vista, ducias e ducias de poleas douradas e rodas dentadas que se conectaban unhas con outras nunha composición perfecta. O rabo era unha cheminiea da que agromaban pompas de felicidade. Cando a gata se movía emitía o son parecido a unha locomotora de xoguete.



Dende o exterior era imposible imaxinar o que pasaba dentro da casa da señorita Bubble. O que semellaba unha vivienda señorial era en realidade unha fábrica, onde todo estaba mecanizado, unhas brazos que asomaban do teito capturaban as burbullas de Nefertiti e as colocaban sobre unha cinta mecánica, similar as que hai nos supermerados pero de tamaño extragrande. Os sorrisos quedaban na cinta dando choutiños a espera da seguinte fase. Unhas novas extremidades metálicas metían os sorrisos en tarros de cristal.

